



AO CONCELLO DA CORUÑA

María García Gómez, voceira do Grupo Municipal da Marea Atlántica no Concello da Coruña, con efectos para notificacións no local do mencionado grupo, no pazo municipal, na Praza de María Pita, 1, 15001, A Coruña, de conformidade co previsto no art. 80.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e dos artigos 194.2 e 207 do seu Regulamento, e por medio do presente escrito,

EXPÓN

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urgente do día 30 de decembro de 2022, adoptou, entre outros, o seguinte acordo: aprobar inicialmente o **Proxecto de Urbanización reformado do Plan Parcial de Ordenación do sector do solo urbanizable S-2 San Pedro de Visma** presentado o 23 de decembro de 2022.

Que estando dentro do prazo de exposición ao público (BOP de 16/01/2023) e coa lexitimación do dereito á acción pública prevista nos arts. 5.f) e 62 do RDL 7/2015, por medio do presente escrito formulo as seguintes

ALEGACIÓNS

PRIMEIRA. A proposta do Proxecto de Urbanización (PU) reformado do Plan Parcial (PP) de Ordenación do sector do solo urbanizable S-2 San Pedro de Visma incumpe a protección do elemento catalogado Arqueta dos Frades, incumprindo así a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

O Plan Parcial do Sector S-2 de San Pedro de Visma, que ordena e cualifica os terreos incluídos no ámbito, apróbase definitivamente polo Concello no Pleno da Corporación municipal na sesión do 8 de febreiro de 2002.


Con data de 3 de xullo de 2009, apróbase inicialmente pola Xunta de Goberno Local o Proxecto de Urbanización, sométese a exposición pública e recábanse os informes sectoriais pertinentes.

Como consecuencia do informe desfavorable de Patrimonio Cultural, en relación á existencia no interior do ámbito do elemento catalogado Arqueta dos Frades, promóvese unha modificación puntual do Plan Parcial que permitise a súa conservación e posta en valor na súa actual ubicación.

Con data de 8 outubro de 2013, apróbase definitivamente a Modificación Puntual do Plan Parcial do Sector S-2 San Pedro de Visma, que deu cumprimento parcial ao requerimento de Patrimonio Cultural de incorporar a protección do elemento catalogado da Arqueta dos Frades. Deste xeito, a parcela da Arqueta dos Frades, de 506 metros cadrados, cedida ao Concello dende marzo de 2012 e por tanto de titularidade municipal, está incorporada ao catálogo dende o 2013 e conta cunha contorna de protección (sombreada en vermella na imaxe).



Como se aprecia na imaxe, á contorna de protección do elemento superpónselle un viario polo que discorrerá tráfico rodado, ademais dunha zona libre monofuncional. Isto, unido á escasa distancia dos edificios residenciais á arqueta, impide a correcta conservación, posta en valor e protección da mesma e o seu espazo de protección. Hai que lembrar que os edificios residenciais proxectados non só medran en altura, torres entre 10 e 21 andares, senón que tamén crecerán baixo o subsolo para dar cumprimento á superficie privada destinada ao uso de aparcadoiro, cuestión que porá en crise a posta a en valor do elemento patrimonial.



No proxecto de urbanización en trámite figura un anexo sobre “Conservación e posta en valor da Arqueta dos Frades”. Incluso está contemplada a partida para a súa musealización cun importe de 9.112,08 euros. Dita musealización limitase á realización de elementos de sinaléctica situados en diversos puntos do parque que terán como obxectivo informar sobre a existencia do ben patrimonial. Consideramos que a conservación e posta en valor dos elementos patrimoniais debe ir máis alá das propostas museísticas de carácter informativo, en cumprimento do artigo 46 da Constitución Española, máxime cando existen preexistencias tan singulares, vestixios dun pasado que forman parte da memoria territorial da cidade.

Os poderes públicos deben colaborar na protección e socialización do Patrimonio Arqueológico en cumplimiento do artigo 46 da Constitución Española de 1978:

“Os poderes públicos garantirán a conservación e promoverán o enriquecimiento do patrimonio histórico, cultural e artístico dos pueblos de España e dos bienes que lo integran, calquera que sea o seu régimen jurídico e a su titularidad”

Ademais, o Proxecto de Urbanización, ao proponer a ocupación da parcela cun uso residencial de tipología de bloque de mazá pechada interfíre na salvaguarda das estruturas arqueológicas que alberga, incumprindo o artigo 98 de conservación de estruturas arqueológicas da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia, que se refire expresamente á conservación in situ das mesmas e á valoración cultural da paisaxe na que se localicen:

“Artigo 98. Conservación das estruturas arqueológicas.

1. Ao outorgar as autorizaciones que afecten o patrimonio arqueológico, a consellería competente en materia de patrimonio cultural velará pola conservación in situ, sempre que sexa posible, das estruturas arqueológicas.

2. A consellaría competente en materia de patrimonio cultural velará por que as obras e actuacións necesarias para a apertura dun xacemento á visita pública non atenten contra o carácter arqueolóxico, contra o seu valor cultural e científico, contra a súa relación co contorno e co seu contexto territorial e contra a valoración cultural da paisaxe.”

O PU non contén na súa documentación nin a máis mínima referencia metodolóxica e moito menos criterios a seguir nas actuacións sobre o patrimonio arquitectónico que a lei impón a calquera actuación sobre o patrimonio arquitectónico:

“Artigo 89. Metodoloxía e criterios que se deben seguir nas actuacións sobre o patrimonio arquitectónico

1. Calquera intervención sobre un ben integrante do patrimonio arquitectónico declarado de interese cultural ou catalogado basearase nunha rigorosa análise crítica dos seus valores culturais, que incluirá unha avaliación do ben e dos seus elementos característicos e que se dirixirá a asegurar o mantemento das características e valores que configuran a súa significación, realizando para iso unha investigación apropiada e recompilando a documentación necesaria. A análise terá como obxectivo básico a salvagarda da autenticidade e integridade do ben e avaliará desde as distintas perspectivas de estudio a actuación que se propón.”

Segundo estas apreciacións, o Proxecto de Urbanización reformado do Plan Parcial de Ordenación do sector do solo urbanizable S-2 San Pedro de Visma propón uns criterios de ordenación e diseño obsoletos e irrespectuosos co patrimonio arqueolóxico presente na zona. Consideramos que a proposta é incompatible coa recuperación do ben catalogado ao conllevar unhas afeccións no solo e subsolo que impedirán a protección e salvagarda do ben catalogado Arqueta dos Frades. O documento do PU obxecto das presentes alegacións nin sequera contempla as consideracións dos informes arqueolóxicos, propoñendo unha ordenación extemporánea que non ten en conta a especial localización na que se atopa, extrapolando modelos de calquera zona de expansión da cidade a unha área periurbana de carácter agrario que alberga importantes elementos arqueolóxicos que o proxecto de urbanización incorpora sen o debido tratamento para a súa conservación e posta en valor.


SEGUNDA. A proposta do Proxecto de Urbanización reformado do Plan Parcial de Ordenación do sector do solo urbanizable S-2 San Pedro de Visma incumpe a protección do elemento Víaxe de Visma, incumprindo así a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Nin na Memoria do Proxecto de Urbanización nin no Anexo sobre a Arqueta dos Frades se fai mención ningunha ao resto do sistema da **Viaxe de Visma**, que atravesaba de oeste a leste o ámbito (cara ao Campo da Burra) e continuaba a través da Pescaría nun exemplo paradigmático de canalización da auga datado en 1722-1726.

Hai que indicar que o elemento **Viaxe de Visma** xa estaba contido como elemento protexido no Catálogo aprobado en 2013 na ficha 009:

DENOMINACIÓN:	Viaxe de Visma.	Ficha N°:	2908 Ficha N° 009			
Localización:	Visma.	Plano n°:	O10-045			
Coordenadas:	UTM-X: 546.428 UTM-Y: 4.801.484	Folla n°:	034, 035, 036, 045			
Altitude:	65 m.s.n.m.	Código n°:	GA15030009			
Adscripción tipológica: Acueducto.						
Adscripción cultural: Idade Moderna /1722-1726).						
Descripción:	Este sistema de captación e traslado de auga supuxo o máis importante "víaxe" dos realizados na cidade ata a data do seu proxecto e construcción, complementando a primeira gran conducción, coñecida como "Víaxe do Vioño", que levaba auga dos manantiales da Nelle e Vioño ata a Cidade Alta (en 1564 Felipe II autoriza a realization desta obra, proxectada por Tristán Dargla). O acueducto, coñecido na documentación municipal como a Grande Obra de San Pedro de Visma, foi construído entre os anos 1722 e 1726 (a instancias do Intendente de A Coruña Rodrigo Caballero) segundo o proxecto do enxeñeiro Francisco Montañéz de la Perilla e baixo a dirección de Francisco Casas y Novoa e o P. Frei Francisco de Velasco (nomes de tal relevancia que, por si mesmos, xa indican a importancia que para as autoridades da época tiña este proxecto). Actualmente conserváense restos en Visma, Rúa Almirante Mourelle e Paseo das Pontes.					
Ámbito de protección:	II nas tres estruturas catalogadas.					
Contorno Protección:	Definida gráficamente nos planos e regulada no artigo 4.1.7 das Normas Urbanísticas					
 <div style="display: flex; justify-content: space-between;"> <div style="width: 45%;"> <p>XUNTA DE GALICIA do Referido do PGOM da Costa, quedado desacordado no Consello de Cultura da Xunta de Galicia, e informado, de 25.02.2013, O ministro de Medio Rural e Pesca José Luis Escrivá Cordero</p> </div> <div style="width: 45%;">  </div> </div>						
<div style="display: flex; align-items: center;"> <div style="border: 1px solid black; padding: 5px; margin-right: 10px;"> DIGESTIÓN que se establece para hacer constar que el presente documento refleja la correspondencia con el documento original definitivamente por la Orden de 25.02.2013 de la XMATI, d'que se incorporan las modificaciones introducidas en él. A Coruña, a 16 de mayo de 2013 El Oficial Mayor  </div> <div style="flex-grow: 1; text-align: right;"> <p>diciembre 2011 REVISIÓN DEL PGOM Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña</p> </div> </div>						

En 2016 iníciase a ampliación do catálogo do PXOM e apróbase inicialmente o 12/11/2018. Nesta modificación puntual do catálogo incorpórarse unha revisión da Viaxe de Visma que está xustificada pola aparición de novas partes do elemento (canalizacións e restos arqueolóxicos), co obxectivo de definición de áreas arqueolóxicas nos treitos intermedios entre os elementos identificados de dita Viaxe:



En 2016 o arqueólogo municipal redacta un documento para dar coñecemento aos servizos de planeamento do Concello da Coruña da comunicación realizada o día 6 de outubro de 2016 á Xunta de Galicia, sobre a aparición dun rexistro (pozo) pertencente á Viaxe de Visma en cumprimento do artigo 99 da Lei 5/2016 de 4 de maio de Patrimonio Cultural de Galicia (publicada no DOG nº 92 de 16 de maio de 2016) relativo ao achado casual. Esta comunicación contiña as causas que desde o punto de vista arqueolóxico motivan a modificación da cautela do xacemento arqueolóxico catalogado con clave GA15030019 San Pedro de Visma.

En dito documento o arqueólogo municipal advirte:

*“(...) Neste senso indícase que tal e como está definida, a execución do **Plan Parcial** suporá a destrucción das estruturas que poidan aparecer relacionadas coa Viaxe de Visma”*

Referido á protección, consolidación e restauración arqueolóxica do elemento Viaxe de Visma tamén se advirte o seguinte:

“(...) deberá ser tramitado un proxecto de actividade arqueolóxica ligada a traballos de protección, consolidación e restauración arqueolóxica, nos termos que establece o decreto 199/1997 de 10 de xullo polo que se regula a Actividade Arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (publicado no DOG nº 150 de 6 de agosto de 1997), co gallo de frear as dinámicas de degradación do ben unha vez producida a afectación”



En relación ao planeamento urbanístico e a protección do patrimonio cultural que supón a **Viaxe de Visma** na que se localizan o ámbito que ordena o presente PU de San Pedro de Visma, a propia lei de protección cultural de Galicia específica que a normativa e a proposta de ordenación garantirán a salvagarda dos valores culturais dos bens de patrimonio cultural e a súa integración coas previsións establecidas nas súas delimitacións, aspecto que o presente PU incumpe de maneira manifesta ao obviar a totalidade do elemento catalogado (PXOM2013) **Viaxe de Visma** e a sua incorporación revisada e aprobada inicialmente á MP do Catalogo de PXOM do 2018:

"Artigo 35. Protección do patrimonio cultural no planeamento urbanístico.

2. A normativa e a proposta de ordenación prevista nos instrumentos de planeamento urbanístico garantirán a salvagarda dos valores culturais dos bens do patrimonio cultural, a súa integración coas previsións establecidas nas súas delimitacións, contornos de protección e zonas de amortecemento, de ser o caso, así como a súa función no cumplimento dos obxectivos de desenvolvemento sustentable, e o respecto á toponimia oficialmente aprobada."

Segundo estas apreciacións, o Proxecto de Urbanización reformado do Plan Parcial de Ordenación do sector do solo urbanizable S-2 San Pedro de Visma propón uns criterios de ordenación e diseño obsoletos, irrespectuosos co patrimonio arqueolóxico presente na zona. Consideramos que a proposta é incompatible coa recuperación do ben catalogado ao conllevar unhas afeccións no solo e subsolo que impedirán a protección e salvagarda do sistema de canalización **Viaxe de Visma**. O documento do PU obxecto da presente alegación nin sequera contempla as consideracións dos informes arqueolóxicos, propoñendo unha ordenación extemporánea que non ten en conta a especial localización na que se atopa, extrapolando modelos de calquera zona de expansión da cidade a unha área periurbana de carácter agrario que alberga importantes elementos arqueolóxicos que o proxecto de urbanización nin sequera incorpora.

Coa presente alegación instamos ao Concello de A Coruña a suspender de maneira facultativa a tramitación do proxecto de urbanización co obxecto de estudio para a modificación do Plan Parcial e instamos tamén a que sexa aprobada de maneira definitiva a Modificación para ampliación de elementos do catálogo Separata 2 co obxecto de que a revisión da Viaxe de Visma adquira unha protección ampliada e poida incorporarse de maneira óptima ao ámbito de delimitación do PU obxecto das presentes alegacións.

TERCEIRA. A proposta do Proxecto de Urbanización reformado do Plan Parcial de Ordenación do sector do solo urbanizable S-2 San Pedro de Visma incumpe a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, alterando a paisaxe característica da área periurbana da Agra do Orzán - San Pedro de Visma.

A Lei do solo de Galicia, no relativo ás competencias urbanísticas no ámbito local, delimita expresamente como facultade propia dos concellos a protección do patrimonio histórico e da paisaxe:

“Artigo 12. Competencia dos municipios:


1. Os municipios exercerán, en todo caso, como competencias propias todas as facultades que lles son atribuídas na presente lei en materia de planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística, protección do patrimonio histórico, promoción e xestión da vivenda de protección pública, con criterios de sustentabilidade financeira, e conservación e rehabilitación da edificación, salvo que estean expresamente atribuídas a outras administracións.

Artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe:

As construcións e instalacións haberán de adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para ese efecto:

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conjuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e peches, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as bellezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia do mesmo ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.”





*Imaxes cedidas por Adrián Martínez. Recreación do Plan Parcial de Ordenación do sector do solo urbanizable S-2 San Pedro de Vizma.

Adxuntamos unhas recreacións realizadas por Adrián Martínez nas que se observa a densidade edificatoria e o efecto que a disposición dos bloques en altura (de 10 a 21 andares) terá sobre a contorna próxima.

As volumetrías proxectadas incidirán de maneira directa sobre o soleamiento dos barrios e edificacións próximas, sobre o barrio de Ventorillo e especialmente sobre o de Mariñeiro, onde a orientación do mesmo fará que quede á sombra prácticamente a totalidade do día. As tres torres de 21 plantas proxectadas na proximidade inmediata do barrio do Ventorillo repercutirán de maneira directa sobre o barrio existente, producindo a sombra en horario de tarde que derivará na perda da calidade de vida dos seus habitantes.

Os edificios proxectados están fóra de escala respecto da contorna circundante, un territorio perirubano que alberga núcleos tradicionais e sistemas de agras co seu respectivo viario miúdo formalizando a estrutura tradicional deste tipo de sistemas de orixe agraria nesta zona da cidade compacta áinda conservadas hoxe en día. Polo tanto, a ordenación

proposta no PU sometido a trámite repercute na morfoloxía tradicional agraria na que se inserta.

Así, o PU infrinxe as Normas de Aplicación Directa (NAD) previstas na lexislación urbanística xeral, galega e estatal básica. As NAD teñen o obxectivo de que as novas edificacións, en base á súa localización, masa, altura, volume e tipoloxía, non conformen barreiras arquitectónicas que impidan ou limiten a perspectiva visual da paisaxe, e sexan disconformes coa contorna.

As NAD prevalecen sobre o planeamento, tal e como reitera a xurisprudencia.

Aínda partindo da premisa de que o Proxecto de Urbanización en trámite non pode recualificar solo nin alterar a ordenación do Plan, parécenos importante incidir nesta cuestión para contextualizar as derivadas que se recollen no PU obxecto de alegacións. Neste sentido, o PU **non contempla o aumento de capacidade de carga do tráfico que sufrirá a contorna coa incorporación de 4.000 novas vivendas, cuestión que suporá un elemento crítico no propio barrio de nova creación e en toda a súa contorna.**

CUARTA. A proposta do Proxecto de Urbanización reformado do Plan Parcial de Ordenación do sector do solo urbanizable S-2 San Pedro de Visma non incorpora as Ecohortas localizadas en solo municipal ao interior da delimitación.

O seu carácter de península cercada polo mar, xunto coa liberalización do mercado inmobiliario e a intensísima actividade construtiva, propia de ciclos económicos nos que a edificación serviu de valor para o investimento ou mesmo para a especulación, conformaron a cidade que é A Coruña na actualidade, cunha densidade media de poboación de 6.408,7 hab/km² (IGE, 2019), moi elevada comparada con outras cidades. Por citar algúns exemplos, a de Madrid é de 5.418,47 hab/km², mentres que as de Ámsterdam e Roma son de 1.383 e 1.244 hab/km² respectivamente.

O resultado deste fenómeno urbanizador é a acumulación de impactos derivados do evidente grao de saturación da superficie, as afeccións ao ciclo hídrico ante o selado do solo (que dan lugar a anegamentos periódicos na cidade pola sobrecarga da rede de saneamento), a contaminación lumínica, o ruído, a ocupación do escaso espazo público polos automóbiles e a falta de espazos naturais ou naturalizados.

É, por este motivo, cada vez más presente a demanda veciñal de contar con máis espazos libres e zonas verdes para o esparexemento e a convivencia. Demanda esta que cobra forza tras a emerxencia sanitaria da COVID-19 e a importancia de facer vida no exterior e en espazos abertos.

A área que desenvolve o presente Proxecto de Urbanización localízase ao norte do termo municipal da Coruña, lindante co núcleo de San Pedro de Visma. Está delimitada do xeito seguinte: ao norte por este núcleo tradicional; ao sur por distintas parcelas de carácter agrícola, con algunha vivenda unifamiliar illada; ao leste polo CEIP San Pedro de Visma, a

Rolda de Outeiro, o acceso ás vivendas de Mariñeiro, Instituto Agra II e a rúa Alcalde Hervada e ao Oeste pola carretera de Bens.

Históricamente, o ámbito obxecto de alegacións formaba parte da contorna da cidade central onde se alternaban asentamentos de nova creación que funcionaban como centros de abastecemento do mercado urbano, grupos de vivendas protexidas de promoción municipal ou estatal (Labañou, San Pedro de Visma, Agra do Orzán), pequenos obradoiros e industrias, e antigos asentamentos rurais tradicionais incorporados á cidade.

Ante a carencia de espazos verdes no barrio do Agra, en 2018 construíronse as Ecohortas da Agra do Orzán en San Pedro de Visma, a vertente oeste do barrio e unha das únicas zonas libres da cidade e do seu barrio máis denso. Un espazo de natureza agraria en orixe que mantén a súa condición con numerosas preexistencias en forma de bancais, camiños, edificación tradicional, cultivos, fontes e regatos. As Ecohortas proxectáronse en solo municipal dentro da delimitación do Plan Parcial San Pedro de Visma que nos ocupa.



Ecohortas da Agra do Orzán dentro de la delimitación do PU San Pedro de Visma.

Comprobamos que o Proxecto de Urbanización do Plan Parcial San Pedro de Visma non contempla a integración das Ecohortas, nin na información gráfica, nin na memoria, nin na descripción das súas partidas orzamentarias. Dito PP, como comentamos, é un plan de ordenación herdado dos anos noventa cunha definición sobre o territorio de tabula rasa, que non contempla as preexistencias, nin fai ningunha consideración sobre a sustentabilidade ambiental da zona na que se implanta, ademais de introducir unhas intensidades de edificación de 11 a 21 andares.

Extraemos da memoria do PU no seu capítulo de proxecto de axardinamento:

'Dado que el proyecto no incluye arbustivas, huertas, ni flores, la manera de conseguir color en el proyecto es a través de la floración de los árboles. Se decide buscar diversidad de colores de floración, consiguiendo que casi todo el año, excepto los meses de noviembre a enero, el parque tenga alguna zona con color'

A propia memoria do Proxecto de Urbanización reformado do Plan Parcial de Ordenación do sector do só urbanizable San Pedro de Visma especifica que o proxecto **NON INCLUIRÁ hortas**, eliminando a posibilidade de vixencia das existentes e repercutindo, por tanto de maneira directa na calidade de vida dos usuarios e usuarias das mesmas.

As ecohortas compónense de 118 parcelas públicas que non só reúnen unha comunidade viva e activa entre persoas de diferentes xeracións, senón que proporcionan un lecer activo en contacto coa natureza, subministran un complemento en alimentos de proximidade e son unha estratexia de conservación da biodiversidade e de adaptación á emerxencia climática. En definitiva: unha riqueza natural que non se pode sacrificar baixo ningunha xustificación nun contexto de crise climática onde todas as axendas urbanas apostan pola renaturalización das nosas cidades. Trasladar as Ecohortas de lugar privaría ademais á Agra dun dous seus escasísimos espazos públicos abertos. Ademais, incrementaría a distancia que deben percorrer as persoas usuarias, dificultando o mantemento diario das parcelas.

Por todo o exposto instamos ao Concello a incluír no Proxecto de Urbanización do Plan Parcial de Ordenación de San Pedro de Visma as Ecohortas do Agra do Orzan que se atopan en solo de titularidade municipal, actualmente en funcionamento con 118 parcelas públicas que dan servizo a un gran número de usuarias e usuarios da área con grandes beneficios psicosociais para as mesmas.

QUINTA. A proposta do Proxecto de Urbanización reformado do Plan Parcial de Ordenación do sector do solo urbanizable S-2 San Pedro de Visma incumpe os criterios estratéxicos de desenvolvemento urbano sostenible.

O modelo urbanístico que propón o PU San Pedro de Visma colisiona frontalmente coas políticas e obxectivos que o Concello da Coruña estableceu en toda unha serie de documentos estratéxicos para acadar un desenvolvemento urbano sostenible. Os máis relevantes son:


- A estratexia EIDUS Coruña de desenvolvemento urbano sostenible
- A estratexia de Cambio Climático 2014-2020
- A Axenda Urbana 2030

Estas incoherencias contradíen a adaptación do proxecto ás necesidades da cidade e ás estratexias de futuro deseñadas polo propio Concello, acordes coas directrices da UE e de organismos internacionais.

- A estratexia EIDUS Coruña destaca entre os principais problemas da Coruña a escaseza de solo para usos distintos do residencial, así como o elevado grao de densificación da malla urbana. Identifica o borde litoral coma un recurso de primeira magnitude a potenciar para mellorar a calidade de vida na cidade. Sinala o parque de vivenda baleira coma unha conta pendente e anima a actuar sobre a rehabilitación.
- A estratexia de Cambio Climático 2014-2020 recoñecía hai xa sete anos que na Coruña medrou máis a construcción de vivenda nova que a poboación, a través dun urbanismo moi intensivo que incide na demanda enerxética global da cidade. Propón actuar sobre o comportamento enerxético do parque de vivenda preexistente e limitar a ocupación innecesaria do solo.
- A Axenda Urbana 2030 foi un compromiso do Concello da Coruña en 2018 e novamente en 2020 para fomentar o desenvolvemento urbano da cidade acorde cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostenible (ODS) da ONU. En concreto, o ODS nº 11 insta a "conseguir que as cidades e os asentamentos humanos sexan inclusivos, seguros, resilientes e sostenibles". Establece como metas concretas, entre outras, "redobrar os esforzos na protección do patrimonio natural e cultural", "reducir o impacto ambiental negativo per cápita", "proporcionar acceso universal a zonas verdes e espazos públicos seguros, inclusivos e accesibles", e mesmo "aumentar considerablemente o número de cidades e asentamentos humanos que adoptan e implementan políticas e planes integrados para promover a inclusión, o uso eficiente dos recursos, a mitigación do cambio climático e a adaptación a él e a resiliencia ante os desastres".

Por todo o anteriormente exposto, SOLICITO a estimación das presentes alegacións.

A Coruña, 16 de febreiro de 2023

A handwritten signature in blue ink, appearing to read "Asdo: María García Gómez".

Asdo: María García Gómez

Voceira do Grupo Municipal da Marea Atlántica